



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-11

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

14 de Xuño de 2023

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:50

Hora de Finalización

09:55

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 26.05.2023 (ACTA 2023/10)

Tralas eleccións locais celebradas o día **28 de mayo de 2023**, de conformidade có disposto no artigo 195.1 da lei 5/1985 de Réxime Electoral Xeral, procederá a celebración da **sesión constitutiva do Concello**, que terá lugar o **vixésimo día posterior á celebración das eleccións**, isto é, o vindeiro día **17 de xuño de 2023**.

De conformidade có **artigo 36.1 do Real Decreto 2568/1986**, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais: ***“O terceiro día anterior ao sinalado pola lexislación electoral para a sesión constitutiva dos concellos, os concelleiros cesantes, tanto do Pleno como, no seu caso, da Xunta de Goberno, reuniranse en sesión convocada ao só efecto de aprobar a acta da última sesión celebrada”***

Así pois, convocouse a presente sesión para dar cumprimento á devandita disposición regulamentaria, coa única finalidade se someter á aprobación da **Xunta de Goberno** a acta da derradeira sesión que se celebrou.

A acta apróbbase por **unanimidade** dos presentes, asistentes á sesión de referencia.

O Sr. Alcalde fai uso da palabra para agradecer a tódolos membros da Xunta de Goberno a súa colaboración ao longo do mandato que ven de rematar, da que foi a **decimo primeira corporación municipal** desde a entrada en vigor da Constitución de 1978.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Desexa sorte a todos os que non van formar parte da nova corporación, resultado das eleccións, Srs. **Antonio Vázquez Costa** e **José Luis Santiago Rodríguez**; e así, remata a sesión.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

